

**1 Anteproxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao
2 superior correspondente ao título de técnico superior de artes plásticas e deseño en
3 Cerámica Artística.**

4 O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena
5 da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación e a administración do ensino en toda a
6 súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen
7 prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o
8 punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

9 A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu capítulo III que se
10 entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos
11 pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas pola citada lei.

12 No seu capítulo IV, dedicado á definición do currículo polas Administracións educativas, en
13 desenvolvemento do artigo 6.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,
14 establécese que as Administracións educativas, no ámbito das súas competencias,
15 establecerán os currículos correspondentes, ampliando e contextualizando os contidos dos
16 títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e así mesmo, na
17 sección segunda do seu capítulo VI, que as ensinanzas profesionais de artes plásticas e
18 deseño organizaranse en ciclos de formación específica, que incluírán unha fase de
19 formación práctica en empresas, estudos ou talleres.

20 O Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das
21 ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, define estas e establece a finalidade e
22 os obxectivos das mesmas, ordenándoas e fixando as ensinanzas mínimas, e
23 encomendándolle ás Administracións educativas o establecemento do currículo
24 correspondente a cada título, de acordo co sinalado no parágrafo anterior.

25 Publicado o Real decreto 37/2010, do 15 de xaneiro, no que se establece, entre outros, o
26 título de técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística, pertencente á
27 familia artística profesional de cerámica artística, e no que se aproban as correspondentes
28 ensinanzas mínimas, e tendo en conta o Real decreto 303/2010, do 15 de marzo, polo que
29 se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas
30 reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, correspóndelle á Consellería
31 de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establecer o currículo correspondente ao
32 citado ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística no ámbito da Comunidade
33 Autónoma de Galicia, sinalando a súa finalidade, definindo o seu contido e formulando os
34 seus obxectivos.

35 As ensinanzas que regula este decreto configuráronse para garantir unha formación artística
36 ao alumnado que lle permita acadar criterios estéticos para afrontar a labor de creación
37 inherente a todo proceso proxectual, e para valorar obxectivamente o patrimonio artesanal e
38 artístico existente e a obra allea; e por outra banda, facilitarlle a adquisición dos
39 coñecementos científicos e tecnolóxicos, e as capacidades e habilidades que lle permitan
40 non soamente a súa incorporación á vida laboral activa, senón tamén afrontar, con garantías
41 de eficiencia e eficacia, a necesaria adaptación ás modificacións técnicas e sociolóxicas que
42 se produciran ao longo da súa vida activa, atendendo as demandas cambiantes do sistema
43 produtivo.



44 O ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística está integrado por módulos de
45 duración variable que cobren aspectos da formación do/a alumno/a, concibidos como áreas
46 homoxéneas de coñecemento, capacidades e habilidades. As capacidades terminais de
47 cada modulo describen o comportamento do/a alumno/a en termos de resultados avaliábles,
48 requiridos para acadar as competencias básicas da competencia xeral. A constatación
49 destas competencias, en termos de avaliación positiva, garante a validez do título en todo o
50 Estado, e a correspondencia europea do mesmo.

51 Os contidos curriculares relacionados neste decreto non constitúen unicamente unidades
52 temáticas, senón que se concretarán por parte do equipo docente deste ciclo formativo, de
53 xeito que todos eles queden organizados temporal e transversalmente seguindo un criterio
54 propedéutico, que garanta que todos os contidos se imparten sen que se produzan
55 solapamentos entre os diferente módulos. Esta programación de ciclo formativo terá en
56 conta os criterios establecidos no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de
57 educación, e comprenderá, así mesmo, a metodoloxía didáctica e as actividades formativas
58 non periódicas que se consideren necesarias, servindo, finalmente de punto de partida para
59 a programación de aula que cada docente faga e aplique no módulo que imparta.

60 Asemade, e de acordo co artigo 13 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio, o currículo que
61 se establece no presente decreto permitirá que as escolas de arte que o impartan, mediante
62 a posta en marcha do seu proxecto didáctico, e a través das programacións didácticas de
63 cada un dos módulos que o integran, o desenvolvan e completen, tomando en consideración
64 as características e posibilidades formativas do contorno económico e social e as
65 necesidades do propio alumnado. A tal efecto, destínase unha parte da duración total do
66 ciclo formativo, para que as escolas de arte definan para ela módulos propios, aumento na
67 carga horaria dos módulos establecidos neste currículo ou proposta de módulos de contido
68 complementario.

69 O módulo de formación práctica facilitará o desenvolvemento das capacidades socio-
70 laborais que requiran ser completadas e verificadas nun contorno real de traballo, así como
71 aquelas outras necesarias para completar as competencias profesionais acadadas no centro
72 educativo.

73 O módulo de proxecto integrado ten por obxecto a integración dos coñecementos,
74 capacidades, destrezas e habilidades específicas inherentes ao campo profesional da
75 cerámica artística, mediante a formulación e realización dun proxecto de cerámica artística
76 axeitado ao nivel académico cursado e que evidencie a formación plástica, a expresión
77 artística, a sensibilidade estética e o rigor científico e tecnolóxico acadado polo alumnado.
78 Consecuentemente, o módulo de proxecto integrado será programado tendo en conta que o
79 traballo do/a alumno/a ten que ser desenvolvido nas condicións máis semellantes posible ás
80 reais do contorno de traballo, e terase en conta a súa viabilidade técnica, económica e
81 social.

82 Finalmente, no desenvolvemento do presente decreto por parte dos centros educativos
83 terase en conta o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a
84 atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de
85 Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de
86 maio, de educación, así como o disposto nos artigos 9 e 14 do Decreto 79/2010, do 20 de
87 maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

88 De conformidade co exposto, e por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e
89 Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983,
90 de 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, modificada polas
91 Leis 11/1988, do 20 de outubro, 2/2007, do 28 de marzo, e 12/2007, do 27 de xullo, logo dos
92 ditames do Consello Escolar de Galicia e do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas
93 Superiores, o ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do
94 Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día de de 2012,

95 **DISPOÑO:**

96 **CAPÍTULO I**

97 **Disposicións xerais**

98 **Artigo 1º.- Obxecto.**

99 O presente decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma
100 de Galicia para as ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística,
101 pertencente á familia profesional artística de cerámica artística das ensinanzas profesionais
102 de artes plásticas e deseño, de acordo co establecido na sección segunda do capítulo VI do
103 título I da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 37/2010, do
104 15 de xaneiro, polo que se establece, entre outros, o título de técnico superior en artes
105 plásticas e deseño en Cerámica Artística e se aproban as correspondentes ensinanzas
106 mínimas.

107 **CAPÍTULO II**

108 **Identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e prospectiva do**
109 **título no sector**

110 **Artigo 2º.- Identificación.**

111 O título de técnico superior en Cerámica Artística identifícase polos seguintes elementos:

112 Denominación: Técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística.

113 Nivel: Ensinanzas artísticas profesionais de grao superior.

114 Duración: Dúas mil horas.

115 Familia profesional artística: Cerámica artística.

116 Referente europeo: CINE 5-b (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

117 **Artigo 3º.- Perfil profesional do título.**

118 O perfil profesional do título de técnico superior en Cerámica Artística determínase pola súa
119 competencia xeral e polas súas competencias profesionais.

120 **Artigo 4º.- Competencia xeral.**

121 A competencia xeral deste título consiste en:

- 122 - Elaborar obra orixinal de cerámica de calidade técnica e artística a partir dun proxecto
123 orixinal e propio, ou dun encargo profesional determinado.
- 124 - Planificar a dita elaboración mediante a definición dos seus aspectos técnicos,
125 estéticos, funcionais, formais, materiais, económicos e de produción.
- 126 - Organizar, definir, temporalizar e levar a cabo as diferentes fases do proceso,
127 garantindo a seguridade das operacións e realizando os controis de calidade
128 correspondentes ata a obtención do produto rematado.

129 **Artigo 5º.- Competencias profesionais e persoais.**

130 As competencias profesionais deste título son as que se relacionan de seguido:

- 131 a) Definir as especificacións formais, funcionais, plásticas, técnicas e materiais dun
132 proxecto orixinal ou dun encargo dado.
- 133 b) Determinar as características dos materiais que se deben utilizar na elaboración dun
134 produto cerámico, mediante a análise da documentación técnica do mesmo.
- 135 c) Planificar e levar a cabo o proceso de elaboración do produto cerámico atendendo ás
136 especificacións previamente determinadas.
- 137 d) Realizar e verificar os controis de calidade correspondentes a cada fase do proceso
138 de elaboración cerámica, a fin de garantir a calidade técnica e artística do produto
139 rematado.
- 140 e) Formular composicións e preparar pastas, esmaltes e cores cerámicos, cualitativa e
141 cuantitativamente axeitadas ás especificacións do proxecto.
- 142 f) Levar a cabo o cocemento do produto cerámico de acordo coas especificacións
143 técnicas e materiais do proxecto.
- 144 g) Coñecer os diferentes sistemas decorativos tanto manuais como seriadados e utilizar en
145 cada caso as técnicas axeitadas ás especificacións técnicas do proxecto.
- 146 h) Establecer as condicións que garantan a seguridade das operacións de elaboración
147 do produto cerámico e a prevención de posibles riscos derivados da súa actividade
148 profesional.
- 149 i) Efectuar consultas, cando cumpra, dirixíndose á persoa adecuada, e saber respectar
150 a autonomía do persoal subordinado, informando cando sexa conveniente.
- 151 j) Manter o espírito de innovación e actualización no ámbito do traballo propio para
152 adaptarse aos cambios tecnolóxicos e organizativos do contorno profesional.
- 153 k) Manter a limpeza e a orde no lugar de traballo, conforme ás normas de competencia
154 técnica e aos requisitos de saúde laboral.
- 155 l) Elaborar maquetas, prototipos e modelos de calidade técnica e artística para o
156 desenvolvemento de produtos cerámicos.
- 157 m) Coñecer as especificacións técnicas dos útiles, ferramentas, equipos e maquinaria ao
158 seu cargo, e organizar as medidas de mantemento periódico dos mesmos.
- 159 n) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que derivan das relacións laborais, de
160 acordo co establecido na lexislación.
- 161 o) Participar na vida económica, social e cultural con actitude crítica e responsable.

- 162 p) Asesorar e coordinar grupos de traballo, organizar o proceso produtivo e creativo e
163 transmitir con precisión a información adecuada para acadar o resultado idóneo, tanto
164 no traballo en equipo como na obtención do produto cerámico final.

165 **Artigo 6º.- Ámbito profesional.**

166 O/A técnico superior en Cerámica Artística desenvolve a súa actividade como profesional
167 independente, ideando e realizando pezas cerámicas destinadas a fins ornamentais ou
168 utilitarios, e no seu caso, organizando ou coordinando pequenos grupos de traballo. Así
169 mesmo pode desenvolver a súa profesión como traballador/a dependente de profesionais de
170 nivel académico superior ao seu e na área de produción correspondente á súa capacitación
171 profesional.

172 **Artigo 7º.- Prospectiva do título no sector ou sectores produtivos.**

173 1. A cerámica artística participa da dobre condición de ser unha actividade profesional é
174 unha das expresións artísticas máis valoradas socialmente, sendo en ambas facetas
175 tributaria dunha longa tradición artesanal, e como tal, integra un amplo abano de disciplinas
176 conducentes a especializacións técnicas en función da organización da produción, sexa
177 artesanal ou industrial, ocupándose dos procesos de deseño e planificación da produción, ou
178 controlando a totalidade do proceso, dende a creación ata a produción de pezas únicas.

179 2. O/A profesional da cerámica artística, referente fundamental nas artes aplicadas e os
180 oficios artísticos, ten que asumir os cambios experimentados nos últimos anos na
181 concepción dos produtos cerámicos, na súa produción artesanal e industrial, na tecnoloxía
182 posta ao seu dispor e nos sistemas de comunicación e comercialización, e por outra banda
183 ten que asumir a transmisión, conservación e mellora dos produtos cerámicos concibidos e
184 realizados para ser portadores de valores estéticos e artísticos, destinados a engadir valor
185 aos ambientes habitados e á industria cerámica.

186 3. O/A profesional da cerámica artística sitúase no ámbito público ou privado, en medianas e
187 pequenas empresas de fabricación de produtos cerámicos mediante sistemas de produción
188 industriais, e en talleres cerámicos artesanais e artísticos. A demanda laboral destes
189 profesionais orientase en dúas direccións:

190 a) O traballo na liña de produción dunha empresa cerámica, coa suficiente capacidade de
191 adaptación aos diversos momentos do proceso produtivo.

192 b) No traballo independente de carácter máis persoal e creativo.

193 4. Ocupacións e postos de traballo máis relevantes.

194 - Ceramista.

195 - Creador/a e realizador/a de obra orixinal cerámica destinada a funcións ornamentais e/
196 ou utilitarias, na construción, na edificación e na decoración interior e exterior.

197 - Esmaltador/a de cerámica e porcelana.

198 - Modelador/a e moldeador/a de cerámica e porcelana.

199 **CAPÍTULO III**

200 **Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos**

201 **Artigo 8º.- Obxectivos xerais.**

202 Defínese como obxectivo xeral do ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística, a
203 constatación do dominio por parte do/a alumno/a, das competencias xerais do ciclo,
204 evidenciadas a través da integración dos coñecementos, as capacidades terminais e as
205 habilidades acadadas.

206 Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

207 a) Acadar unha visión de conxunto e ordenada dos procesos de fabricación cerámica,
208 das súas diferentes fases e operacións e xerar a documentación e información artístico-
209 técnica necesaria para levar a cabo un proxecto de produción de cerámica artística.

210 b) Identificar e definir os aspectos artístico-plásticos, formais, estruturais, funcionais,
211 materiais, técnicos, organizativos e económicos que configuran o proxecto ou encargo de
212 elaboración de pezas únicas ou seriadas de obra orixinal cerámica.

213 c) Utilizar con propiedade as técnicas de expresión gráfico-plástica na procura e
214 definición das características formais das pezas cerámicas.

215 d) Analizar a evolución das técnicas estéticas e artísticas que inflúen na produción
216 cerámica actual e valorar os condicionantes simbólicos e comunicativos que deben contribuír
217 a configurar o gusto do/a consumidor/a.

218 e) Aplicar os criterios de control de calidade e resolver os problemas artísticos e
219 tecnolóxicos que se formulen durante o proceso de realización do produto cerámico, a fin de
220 obter resultados acordes cos parámetros de calidade artística e técnica requiridos.

221 f) Coñecer as especificacións técnicas e utilizar con destreza os equipos e maquinaria
222 específicos da fabricación cerámica.

223 g) Exercer a súa actividade profesional con respecto ao marco legal, económico e
224 organizativo que a regula e condiciona, con iniciativa e responsabilidade, nas condicións de
225 seguridade e hixiene adecuadas, e implementar as medidas preventivas necesarias para
226 non incidir negativamente no medio.

227 h) Iniciarse na busca de formas, materiais, técnicas e procesos creativos e artísticos
228 relacionados coa cerámica artística.

229 i) Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios tecnolóxicos e
230 organizativos do sector; buscar, escoller e utilizar canles de información e formación
231 continua relacionada co exercicio profesional.



232 j) Analizar os sistemas de calidade aplicados na industria e a artesanía da cerámica
233 artística, para xestionar a produción.

234 k) Analizar os sistemas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental,
235 identificando as accións necesarias para asegurar os mesmos.

236 l) Valorar a importancia da renovación dos métodos de deseño e desenvolvemento do
237 produto cerámico, e recoñecer técnicas innovadoras, para participar na súa investigación e
238 no seu desenvolvemento.

239 m) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo
240 laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado para manter unha cultura de
241 actualización e innovación.

242 **Artigo 9º.- Módulos profesionais: competencias básicas, contidos e criterios de**
243 **avaliación.**

244 1) Competencias básicas:

245 As competencias básicas defínense como a capacidade do/a alumno/a para levar a cabo,
246 con eficiencia e eficacia, as tarefas profesionais definidas nos obxectivos xerais do ciclo.

247 2) Os contidos:

248 Os contidos, expresados en relación con cada un dos módulos que integran o currículo,
249 constitúen o enunciado da área de coñecemento que lle é propia, e que serán
250 suficientemente desenvolvidos e delimitados na súa extensión e nivel, polo equipo docente
251 do ciclo formativo.

252 3) Criterios de avaliación:

253 Os criterios de avaliación definen aspectos da actividade do alumnado e aspectos dos
254 resultados prácticos da mesma que permiten, en relación coas capacidades terminais de
255 cada módulo, valorar segundo unha escala, o grao de consecución de ditas capacidades e
256 competencias.

257 Os módulos profesionais, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación
258 son os establecidos no anexo a este decreto, redactados ao abeiro do artigo 6 da Lei
259 orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e en cumprimento do artigo 13 do Real decreto
260 596/2007, do 4 de maio, e do Real decreto 37/2010, do 15 de xaneiro.

261 **Artigo 10º.- Espazos e equipamento.**

262 1. Os requisitos de espazos, equipamento e instalacións que deben reunir as escolas de arte
263 da Comunidade Autónoma de Galicia para a impartición deste ciclo formativo son os que se
264 determinan nos artigos 3 e 12 do Real decreto 303/2010, do 15 de marzo.

265 2. Os espazos dedicados á formación establecidos respectarán a normativa sobre
266 prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e hixiene no posto de traballo, e
267 cantas outras normas sexan de aplicación.

268 3. Os espazos dedicados á formación establecidos poderán ser ocupados por diferentes
269 grupos de alumnos/as que cursen outros ciclos formativos de artes plásticas e deseño, do
270 mesmo ou distinto nivel.

271 4. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúan en cada espazo deberá
272 estar en función do número de alumnos/as, e serán os necesarios e suficientes para garantir
273 a calidade do ensino.

274 5. O equipamento disporá das instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento,
275 cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais, e respectará os espazos
276 e superficies de seguridade que esixan as máquinas en funcionamento.

277 **Artigo 11º.- Profesorado.**

278 1. A docencia dos módulos profesionais que integran as ensinanzas deste ciclo formativo
279 correspóndelle aos corpos de catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas
280 e deseño.

281 2. En tanto o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte non estableza, con carácter xeral, a
282 competencia docente para a impartición dos módulos integrados nos diferentes ciclos
283 formativos das ensinanzas artísticas profesionais adaptadas á Lei orgánica 2/2006, do 3 de
284 maio, de educación, os corpos e especialidades con atribución docente nos módulos que
285 integran este ciclo formativo son as que figuran no anexo a este decreto.

286 **CAPÍTULO IV**

287 **Acceso, vinculación a outros estudos, exencións e validacións.**

288 **Artigo 12º.-Requisitos de acceso ao ciclo formativo de grao superior de Cerámica** 289 **Artística.**

290 Conforme ao artigo 52.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e á disposición
291 adicional cuarta do Real decreto 596/2007, do 4 de maio, para acceder ao ciclo formativo de
292 grao superior de Cerámica Artística será necesario estar en posesión dalgún dos seguintes
293 títulos ou os declarados equivalentes a eles:

294 a) Título de bacharel.

295 b) Título de técnico superior de artes plásticas e deseño.

296 c) Título de graduado en artes aplicadas e oficios artísticos correspondente ao plan de
297 estudos de 1963 ou do plan experimental.

298 d) Técnico especialista ou técnico superior das ensinanzas de formación profesional.

299 e) Titulación universitaria.

300 e superar unha proba específica que permita demostrar as aptitudes e coñecementos
301 artísticos necesarios para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. A Consellería
302 competente en materia de educación convocará, polo menos una vez ao ano, dita proba
303 específica.

304 **Artigo 13º.- Exencións da proba específica de acceso ao ciclo formativo.**

305 Estarán exentos de realizar a proba específica de acceso ao ciclo formativo de grao superior
306 de Cerámica Artística á que se refire o artigo anterior:

307 1. Quen estea en posesión de:

- 308 a) Calquera título de técnico superior de artes plásticas e deseño da familia
- 309 profesional artística de cerámica artística, ou título declarado equivalente.
- 310 b) Título de bacharel, na modalidade de artes, ou de bacharel artístico experimental.
- 311 c) Título superior de artes plásticas, título superior de deseño en calquera das súas
- 312 especialidades, ou títulos declarados equivalentes respectivamente.
- 313 d) Graduado/a en deseño.
- 314 e) Graduado/a en artes plásticas.
- 315 f) Título superior en conservación e restauración de bens culturais, en calquera das
- 316 súas especialidades, ou título declarado equivalente.
- 317 g) Graduado/a en conservación e restauración de bens culturais.
- 318 h) Licenciado/a ou graduado/a en belas artes.
- 319 i) Arquitecto/a ou graduado/a en arquitectura
- 320 j) Enxeñería técnica en deseño Industrial.

321 2. Quen estando en posesión do título de bacharel, acredite ter una experiencia laboral de
322 polo menos un ano, en tarefas directamente relacionadas coas competencias profesionais
323 do ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística, debendo achegar, cando menos,
324 una certificación da empresa na que teña adquirido a experiencia laboral, na que conste
325 especificamente a actividade desenvolvida e o período de tempo no que foi desenvolvida.
326 No caso de traballadores/as por conta propia, certificación de alta no censo de obrigados
327 tributarios.

328 O órgano competente para resolver esta exención será a comisión avaliadora das probas de
329 acceso ao ciclo formativo.

330 **Artigo 14º.- Acceso ao ciclo formativo de grao superior para quen non reúna os**
331 **requisitos de titulación.**

332 1. Poderán acceder ao ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística, carecendo dos
333 requisitos sinalados no artigo 12º quen teña cumpridos 19 anos no ano de realización da
334 proba, ou 18 anos, se acredita estar en posesión dun título de técnico na familia profesional
335 artística de cerámica artística, e supere unha proba de acceso na que deberá acreditar a súa
336 madurez en relación cos obxectivos do bacharelato e as aptitudes e habilidades suficientes
337 para cursar con aproveitamento as ensinanzas ás que pretende acceder.



338 Esta proba de acceso constará de dúas partes:

339 - Parte xeral:

340 Versará sobre os coñecementos e capacidades básicas das materias comúns do
341 bacharelato.

342 - Parte específica:

343 Permitirá valorar as aptitudes e coñecementos artísticos necesarios para cursar con
344 aproveitamento as ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Cerámica
345 Artística.

346 2. Exencións da proba de acceso:

347 Poderá quedar exento da realización da parte xeral da proba de acceso sinalada neste artigo
348 quen teña superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

349 Asemade, poderá quedar exento da realización da parte específica de acceso sinalada neste
350 artigo, quen acredite una experiencia laboral de polo menos un ano, relacionada
351 directamente coas competencias profesionais do ciclo formativo de Cerámica Artística. Para
352 iso deberá aportar, cando menos a documentación sinalada no artigo 13º.2 deste decreto.

353 **Artigo 15º.- Regulamentación e validez das probas de acceso.**

354 1. A estrutura, contidos, criterios de avaliación e organización das probas de acceso ás que
355 se refiren os artigos 13º e 14º deste decreto serán determinados pola consellería
356 competente en materia de educación.

357 2. As cualificacións das probas de acceso expresaranse en termos numéricos, segundo
358 unha escala de cero a dez, con dous decimais, sendo preciso acadar una cualificación igual
359 ou superior a cinco para a súa superación.

360 3. As probas de acceso ao ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística terán
361 validez en todo o territorio nacional, e a súa superación dará dereito a matricularse neste
362 ciclo formativo conforme a normativa en vigor en cada Administración educativa, e sen
363 prexuízo da dispoñibilidade de prazas no mesmo.

364 4. A superación da parte xeral da proba de acceso regulada no artigo 14º.1, terá validez para
365 posteriores convocatorias.

366 5. A consellería competente en materia de educación poderá establecer, no ámbito da súa
367 competencia, unha porcentaxe de prazas de reserva para quen acceda a este ciclo formativo
368 nos supostos recollidos nos artigos 13º.1 e 14º.1 deste decreto.

369 **Artigo 16º.- Efectos do título de técnico superior en Cerámica Artística.**

370 1. O título de técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística obtido ao
371 amparo de Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación xeral do sistema educativo,



372 e os declarados equivalentes conforme ao Real decreto 440/1994, do 11 de marzo, e á Orde
373 do 14 de maio de 1999, pola que se establece a correspondencia de especialidades, terá os
374 mesmos efectos académicos e profesionais que os do título regulado polo presente decreto.

375 2. O título de técnico superior en Cerámica Artística ten carácter oficial e validez en todo o
376 territorio nacional, acreditando o nivel de formación e as competencias profesionais que
377 contén e sorte os efectos establecidos na lexislación vixente.

378 3. A descrición dos perfís profesionais recollidos no presente decreto non constitúen
379 regulación do exercicio de ningunha profesión, e en calquera caso, entenderase no contexto
380 do presente decreto, con respecto ao ámbito do exercicio profesional vinculado ás
381 profesións tituladas pola lexislación en vigor.

382 4. A superación da totalidade dos módulos que integran este ciclo formativo dará dereito á
383 obtención do título de técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística.

384 5. O título de técnico superior en artes plásticas e deseño en Cerámica Artística permitirá o
385 acceso directo aos estudos de grao en artes plásticas, aos estudos de grao en deseño e as
386 ensinanzas de grao en conservación e restauración de bens culturais.

387 6. O título de técnico superior en Cerámica Artística permitirá o acceso a calquera outro ciclo
388 formativo de grao medio ou superior da familia artística profesional de cerámica artística, coa
389 exención da proba específica de acceso, para aqueles casos previstos no artigo 15 do Real
390 decreto 596/2007, do 4 de maio.

391 7. O título de técnico superior en Cerámica Artística regulado no presente decreto permitirá o
392 acceso a calquera das modalidades de bacharelato, de acordo co disposto no artigo 22 do
393 Real decreto 596/2007, do 4 de maio.

394 8. Ao título de técnico superior en artes plásticas e deseño en Cerámica Artística regulado
395 no presente decreto asígnanselle 120 créditos ECTS segundo a asociación dos mesmos aos
396 módulos sinalados no apartado 2.1 do anexo ao mesmo.

397 **Artigo 17º.- Validación de módulos formativos.**

398 1. A relación de módulos que se validan entre ciclos formativos da familia artística
399 profesional de cerámica artística, entre eles os do ciclo formativo de grao superior de
400 Cerámica Artística, é a establecida no anexo IV ao Real decreto 37/2010, do 15 de xaneiro,
401 segundo o procedemento en vigor.

402 2. A relación de módulos que se validan entre ciclos formativos da familia profesional de
403 Cerámica Artística regulados nos Reais decretos 1458/1995, do 1 de setembro, e
404 1459/1995, do 1 de setembro e os do ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística
405 regulado no presente decreto é a establecida no anexo V ao Real decreto 37/2010, do 15 de
406 xaneiro, segundo o procedemento en vigor.

407 3. O módulo de formación e orientación laboral do ciclo de grao superior de Cerámica
408 Artística regulado no presente decreto será obxecto de validación sempre que se teña
409 superado nun ciclo formativo de artes plásticas e deseño de grao superior.



410 **Artigo 18º.- Exención de módulos formativos e da fase de prácticas en empresas,**
411 **estudos ou talleres pola súa correspondencia coa práctica laboral.**

412 1. Poderán ser obxecto de exención pola súa correspondencia coa práctica laboral, os
413 seguintes módulos que integran o ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística:

414 - Formación e orientación laboral, e

415 - Taller cerámico.

416 dos sinalados no anexo VI do Real decreto 37/2010, sempre que se acredite, polo menos,
417 un ano de experiencia laboral relacionada cos coñecementos, capacidades e habilidades, e
418 no seu caso coas unidades de competencia propias dos módulos, e/ou do exercicio
419 profesional específico deste ciclo.

420 2. Poderá ser obxecto de exención total ou parcial, pola súa correspondencia coa práctica
421 laboral, a fase de formación práctica en empresas, estudos ou talleres, sempre que se
422 cumpran os requisitos sinalados no apartado 1 deste mesmo artigo.

423 3. A consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a
424 solicitude e resolución das exencións que proceda. En calquera caso, os módulos que fosen
425 obxecto de exención pola súa correspondencia coa práctica laboral figurarán no expediente
426 académico do/a alumno/a coa expresión de “exento”.

427 4. En ningún caso poderán ser obxecto de validación ou exención o módulo de proxecto
428 integrado, por ter como finalidade a integración dos coñecementos, destrezas e capacidades
429 específicas do campo profesional da cerámica artística, a través da realización dunha obra
430 ou proxecto axeitado ao nivel académico cursado.

431 5. As materias de bacharelato que se validan con módulos formativos integrados no ciclo
432 formativo de grao superior de Cerámica Artística regulado no presente decreto, é a seguinte:

433 - Debuxo artístico I, e

434 - Volume.

435 **CAPÍTULO V**

436 **Ordenación académica e docencia**

437 **Artigo 19º.- Ordenación dos módulos**

438 1. As ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística estrutúranse en
439 módulos formativos de duración variable impartidos no centro educativo e a fase de
440 formación práctica en empresas, estudos ou talleres.

441 2. Aos efectos do previsto no capítulo III do Real decreto 303/2010, do 15 de marzo, polo
442 que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas
443 reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o concepto de módulo



444 disposto no presente decreto considérase equivalente ao termo “clase teórica”, “clase
445 teórico-práctica” e “taller específico”.

446 3. Nos módulos de formación do ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística
447 impartidos nas escolas de Arte manterase unha relación numérica máxima de
448 profesorado/alumnado de 1/15 para os módulos “prácticos” e “teórico-prácticos”, e de 1/30
449 para os módulos de carácter “teórico”, segundo o establecido no apartado 2.1 do anexo ao
450 presente decreto.

451 **Artigo 20º.- Proxecto curricular e distribución horaria.**

452 1. As escolas de arte concretarán e complementarán o currículo do ciclo formativo de grao
453 superior de Cerámica Artística mediante a elaboración do correspondente proxecto
454 curricular, que deberá conter unha adecuación dos obxectivos xerais do mesmo ás
455 características do seu alumnado, os criterios metodolóxicos de carácter xeral, tanto en
456 relación co proceso de diversificación curricular como coa avaliación.

457 2. O proxecto curricular da escola incluírá, asemade, a distribución das capacidades
458 terminais, os contidos e criterios de avaliación de cada módulo e a súa programación de
459 aula.

460 3. Os/As profesores/as desenvolverán a programación de aula de acordo co currículo do
461 ciclo e co proxecto curricular da escola.

462 4. As horas de libre disposición que se inclúen no currículo establecido no presente decreto
463 serán utilizadas pola escola de arte que o imparta para:

464 - Reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de
465 formación de base ou de formación profesional específica.

466 - Dar resposta ás necesidades formativas máis características do alumnado.

467 - Dar resposta ás necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos
468 humanos do contorno produtivo da escola.

469 5. Os proxectos curriculares das escolas de arte completarán e desenvolverán os elementos
470 necesarios para garantir que os/as alumnos/as deste ciclo formativo acaden e desenvolvan
471 as competencias incluídas no currículo en deseño para todos.

472 **CAPÍTULO VI**

473 **Avaliación e mobilidade do alumnado**

474 **Artigo 21º.- Avaliación do alumnado.**

475 1. A avaliación das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística
476 será continua e terá en conta o progreso e a madurez académica do alumnado en relación
477 cos obxectivos xerais e as competencias profesionais propias do ciclo formativo.

478 2. A avaliación levarase a cabo de maneira diferenciada para cada módulo, tomando como
479 referencia os obxectivos de cada un deles, expresados en termos de competencias,
480 capacidades e habilidades, e os seus respectivos criterios de avaliación establecidos no
481 presente decreto, completados e organizados polos correspondentes equipos docentes e
482 programados polos docentes que os imparten. En calquera caso, a aplicación do proceso de
483 avaliación continua do/a alumno/a requirirá da súa asistencia regular ás clases e actividades
484 lectivas programadas.

485 3. Os resultados da avaliación final de cada módulo expresaranse en termos de cualificación
486 numérica nunha escala de cero a dez, considerándose positivas as cualificacións iguais ou
487 superiores a cinco.

488 4. Na avaliación da fase de formación práctica en empresas, estudos ou talleres, colaborará
489 o/a responsable da formación de alumnado designado/a pola empresa, estudo ou taller
490 durante a estancia do/a alumno/a na mesma. Os resultados desta avaliación expresaranse
491 en termos de “apto/non apto”. Para a superación da fase de prácticas en estudos, empresas
492 ou talleres, os/as alumnos/as disporán de dúas convocatorias.

493 5. O número máximo de convocatorias para a superación de cada módulo será de catro. A
494 consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a
495 solicitude e concesión, se procede, dunha convocatoria extraordinaria por motivos de
496 enfermidade, discapacidade ou outras que impidan o normal desenvolvemento dos estudos.

497 6. A consellería competente en materia de educación establecerá as condicións para a
498 anulación da matrícula e para a renuncia á convocatoria de todos ou algúns dos módulos
499 que integran este ciclo formativo, incluída a fase de formación en empresas, estudos ou
500 talleres. A renuncia á convocatoria reflectirase nos documentos de avaliación coa expresión
501 “renuncia”.

502 7. A consellería competente en materia de educación establecerá os requisitos para a
503 promoción de curso, sendo preciso en calquera caso, a avaliación positiva en módulos cuxa
504 carga lectiva sume, polo menos o 75 por 100 do primeiro curso.

505 8. A superación deste ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos que
506 o integran, e así mesmo a cualificación de “apto” na fase de prácticas en empresas, estudos
507 ou talleres.

508 9. A cualificación media final deste ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións
509 medias ponderadas dos distintos módulos que o compoñen, expresada con dous decimais.
510 A cualificación media ponderada de cada módulo obterase multiplicando o número de
511 créditos que lle corresponde ao módulo pola cualificación final obtida nel, e dividindo o
512 resultado entre o número total de créditos cursados.

513 10. Aos efectos do cálculo da cualificación media final do ciclo, non será computada a fase
514 de formación en empresas, estudos ou talleres, nin aqueles módulos que fosen obxecto de
515 validación e/ou exención por correspondencia coa práctica laboral.

516 **Artigo 22º.- Mobilidade do alumnado.**



517 1. Cando un/unha alumno/a obteña praza nunha escola de arte da Comunidade Autónoma
518 de Galicia, a fin de continuar os seus estudos no ciclo formativo de grao superior de
519 Cerámica Artística regulados no presente decreto, e iniciados nun centro dependente doutra
520 Administración educativa, a escola de arte de acollida solicitará ao centro de orixe o
521 expediente académico do/a alumno/a. Recibido o expediente, a escola de arte de destino
522 procederá á correspondente adaptación curricular, a fin de que o/a alumno/a se incorpore ao
523 curso que lle corresponda. A estes efectos, os módulos superados na súa totalidade, e que
524 segundo o criterio da escola de arte, sexan semellantes en contidos e carga lectiva aos
525 establecidos neste decreto, serán recoñecidos de xeito automático como “adaptados”,
526 podendo prever, para outros casos, a superación de complementos de formación que se
527 consideren convenientes.

528 2. Os módulos recoñecidos na súa totalidade como superados figurarán no expediente do/a
529 alumno/a coa expresión “adaptado”. Cando sexa preciso facer unha ponderación das
530 cualificacións, os módulos que figuren como “adaptados”, computaranse coa cualificación do
531 centro de orixe.

532 3. A consellería competente en materia de educación establecerá o órgano unipersoal ou
533 colectivo competente para a resolución das adaptacións curriculares previstas neste artigo,
534 así como o procedemento e prazos para iso.

535 **Artigo 23º.- Documentación da avaliación e mobilidade do alumnado.**

536 1. Os documentos de avaliación deste ciclo formativo son:

537 a) O expediente académico, que se acredita coa certificación académica persoal.

538 b) As actas de avaliación.

539 c) Os informes individualizados de avaliación.

540 2. Toda a información relativa ao proceso de avaliación do/a alumno/a recollerase, de xeito
541 sintético no expediente académico do/a alumno/a: identificación da escola e datos persoais
542 do/a alumno/a, a modalidade de acceso ao ciclo, número e data da súa matrícula, os
543 resultados da súa avaliación, e de ser o caso, as medidas de adaptación curricular e a
544 cualificación media final do ciclo.

545 A certificación académica persoal ten valor acreditativo dos estudos realizados polo/a
546 alumno/a, constituíndo o documento oficial básico, obtido do seu expediente académico, e
547 recollerá a referencia normativa do plan de estudos, o curso académico, as cualificacións
548 obtidas con expresión da convocatoria (ordinaria ou extraordinaria), os módulos que fosen
549 obxecto de validación, exención ou correspondencia coa práctica laboral, e no seu caso, a
550 anulación de matrícula e/ou renuncia á convocatoria.

551 O informe individualizado de avaliación é o documento que recollerá toda a información
552 precisa para a continuidade do proceso de aprendizaxe noutro centro, dentro ou fóra da
553 Comunidade Autónoma de Galicia.



554 A consellería competente en materia de educación establecerá o modelo de expediente
555 académico do alumnado, os modelos de acta de avaliación e os modelos de informe
556 individualizado de avaliación, e propiciará o seu tratamento informático, no ámbito da súa
557 competencia e de xestión.

558 **Disposición adicional primeira.- Accesibilidade universal nas ensinanzas deste título.**

559 1. A consellería competente en materia de educación establecerá as medidas oportunas que
560 garantan o cumprimento do establecido na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de
561 oportunidades, non discriminación e accesibilidades universal das persoas con minusvalidez,
562 a fin de facilitarlle ao alumnado os medios e recursos que se precisen para acceder e cursar
563 as ensinanzas deste ciclo formativo.

564 2. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido no presente decreto
565 deberán ter en conta o principio de “deseño para todos”, incorporando ás ditas
566 programacións as unidades didácticas que correspondan coa finalidade de que o alumnado
567 acade a sensibilidade e as competencias relacionadas con este concepto e as aplique ao
568 longo da súa aprendizaxe e a súa labor profesional.

569 3. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido no presente decreto
570 recollerán as medidas necesarias coa finalidade de que o alumnado con minusvalidez poida
571 acadar a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, así
572 como os resultados da aprendizaxe de cada un dos módulos.

573 **Disposición adicional segunda.- Cursos de cualificación e recualificación.**

574 Coa finalidade de promover a formación ao longo da vida, as escolas de arte que impartan o
575 ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística poderán organizar e desenvolver
576 cursos de especialización vinculados ás ensinanzas do mesmo, que deberán ser obxecto
577 dunha certificación acreditativa da formación adquirida, na que se indique a superación do
578 curso, o número de horas de duración e a súa equivalencia en créditos ECTS. A dita
579 certificación poderá ter, de ser o caso, valor acreditativo no Sistema Nacional de
580 Cualificacións que corresponda.

581 Os cursos de formación anteditos serán autorizados pola consellería competente en materia
582 de educación, que establecerá, asemade as condicións e procedemento para a súa
583 autorización.

584 **Disposición adicional terceira: Autorización a centros privados para a impartición das**
585 **ensinanzas reguladas neste decreto.**

586 A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas do ciclo formativo
587 regulado no presente decreto esixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os
588 requisitos de profesorado, espazos e equipamentos regulados no mesmo.

589 **Disposición adicional cuarta.- Desenvolvemento do currículo.**

590 1. O currículo establecido no presente decreto require un posterior desenvolvemento a
591 través das programacións didácticas elaboradas polo equipo docente do ciclo formativo.

592 Estas programacións concretarán e adaptarán o currículo ao contorno socioeconómico da
593 escola de arte e ás características do alumnado, tomando como referencia o perfil
594 profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados da
595 aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

596 **Disposición derogatoria única.-** Queda derogado o Decreto 79/2002, do 14 de febreiro,
597 polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior de artes plásticas e
598 deseño de cerámica artística, correspondente á familia profesional de cerámica artística, así
599 como o acceso a dito ciclo formativo.

600 Asemade, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao
601 disposto neste decreto.

602 **Disposición transitoria primeira.-** Ata que non se completen, por parte do Ministerio de
603 Educación, Cultura e Deporte os novos currículos das ensinanzas artísticas profesionais de
604 artes plásticas e deseño, a competencia docente dos/as profesores/as e mestres/as de taller
605 de artes plásticas e deseño para impartir os módulos que integran este ciclo formativo será a
606 que se indica no anexo a este decreto, sen prexuízo de que a consellería competente en
607 materia de educación, no seu ámbito de competencia, poida, no dito período transitorio,
608 autorizar a impartición de determinados módulos a aqueles/as docentes que á promulgación
609 deste decreto viñesen impartindo materias equivalentes da anterior ordenación, sempre que
610 acrediten a preparación para iso.

611 **Disposición transitoria segunda.-** O alumnado matriculado no ciclo formativo de grao
612 superior de artes plásticas e deseño de Cerámica Artística ao abeiro do Real decreto
613 1458/1995, do 1 de setembro, e desenvolvido polo citado Decreto 79/2002, rematarán os
614 seus estudos conforme ao disposto nel e na normativa que o desenvolve.

615 A consellería competente en materia de educación determinará o calendario e condicións
616 para a ordenada extinción do plan de estudos correspondente, garantindo a obtención dos
617 títulos das ensinanzas que se extinguen, nas condicións que oportunamente se establezan,
618 conforme ao disposto no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño.

619 **Disposición derradeira primeira.-** Autorízase á persoa titular da Consellería de Cultura,
620 Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións necesarias para a aplicación
621 e desenvolvemento do establecido neste decreto.

622 **Disposición derradeira segunda.-** O presente decreto entrará en vigor ao día seguinte da
623 súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

624 Santiago de Compostela, de de 2012

625 Alberto Núñez Feijóo

626 Presidente

627 Jesús Vázquez Abad

628 Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



629

ANEXO

630

1.- Distribución horaria das ensinanzas.

<i>Estrutura xeral</i>	<i>Horas lectivas totais</i>	<i>Créditos ECTS asociados</i>
Módulos impartidos na escola de arte	1800	114
Fase de formación en empresas, estudos ou talleres	200	6
Total horas de ensinanza:	2000	120

631

2.- Formación na escola de arte.

632

2.1.- Módulos correspondentes ás ensinanzas impartidas na escola de arte.*

<i>Módulos</i>	<i>Ratio Prof. /Alumn.</i>	<i>Horas semanais</i>		<i>Total horas</i>	<i>Créditos ECTS asociados</i>	
		<i>1º curso</i>	<i>2º curso</i>		<i>1º curso</i>	<i>2º curso</i>
Debuxo artístico	1/15	3	-----	108	6	-----
Debuxo técnico	1/15	3	-----	108	6	-----
Volume	1/15	3	2	180	6	4
Historia da cerámica	1/30	2	-----	72	5	----
Materiais e tecnoloxía cerámica	1/30	3	-----	108	7	-----
Medios informáticos	1/15	2	-----	72	5	-----
Taller cerámico	1/15	12	8	720	26	18
Proxectos de cerámica artística	1/30	-----	4	144	-----	10
Proxecto integrado	---	-----	4	144	-----	12
Formación e orientación laboral	1/30	-----	2	72	-----	4
Horas de libre disposición da escola de arte	---	2	-----	72	5	-----
Totais:		30	20	1800	66	48
Total créditos ECTS:					114	

633

* Aos efectos do cómputo horario considéranse 36 semanas para cada un dos dous cursos que dura o ciclo formativo.

634

635

2.2.- Obxectivos, contidos e criterios de avaliación dos módulos.

636

Debuxo artístico

637

Obxectivos:

638

1º.- Representar graficamente tanto as formas do contorno como as imaxes de propia creación.

639

640

2º.- Utilizar os diferentes materiais e técnicas de debuxo como ferramentas básicas para a busca e definición formal de imaxes e para a comunicación gráfica de ideas.

641

642

3º.- Analizar os fundamentos e teoría da cor, a súa importancia nos procesos de creación artístico-plástica e as súas aplicacións ao campo cerámico.

643

644

4º.- Desenvolver a capacidade de goce estético e a inventiva e expresividade persoais.

645 5º.- Valorar a creación e a obra cerámica á luz de criterios externos, dos coñecementos
646 sobre a materia e internos, o propio gusto e a sensibilidade.

647 6º.- Recoñecer os elementos conceptuais e a estrutura básica das formas.

648 7º.- A partir do método de análise, interpretar as formas do contorno e máis directamente as
649 que gardan relación coas técnicas cerámicas, estudando a través do debuxo analítico as
650 súas relacións formais, funcionais e estéticas.

651 8º.- Realizar debuxos e bosquejos que expliquen as formas con claridade, analizando as
652 relacións entre liñas, formas, volumes, cor, simetrías e movemento.

653 **Contidos:**

654 1º.- A forma bi y tridimensional e a súa representación no plano.

655 2º.- Os materiais de debuxo e as súas técnicas.

656 3º.- A proporción. Simetría. A forma bidimensional. Morfoloxía, elementos estruturais. O
657 punto, a recta e o plano. Síntese. Representación da forma, figura e fondo. Relacións.

658 4º.- A representación da forma tridimensional e do espazo no plano tanto na concepción
659 analítico-xeométrica como na artístico-expresiva. Recursos gráficos e xeométricos. O
660 modelado e a luz. Superposición de formas e gradientes de profundidade. A perspectiva
661 atmosférica e a perspectiva xeométrica.

662 5º.- Elementos expresivos da linguaxe gráfico-plástica. Os materiais de debuxo e as súas
663 técnicas. Técnicas secas e húmidas. Soportes. Adecuación da técnica á proxección ou
664 representación da forma.

665 6º.- A realidade como motivo. As formas da natureza. Procesos de análise e síntese. A
666 proporción. Simetría. Importancia na configuración volumétrica de formas tanto de orixe
667 como artísticas ou funcionais.

668 7º.- Forma e estrutura. Análise das formas. Abstracción, síntese e estilización. Texturas.
669 Análise e estudio das linguaxes gráficas a través dos momentos clave da historia da
670 representación.

671 8º.- A composición. Conceptos básicos.

672 9º.- O claroscuro.

673 10º.- A cor. Fundamentos e teoría da cor. Valores expresivos e simbólicos. Interacción da
674 cor. A organización dos elementos gráficos no espazo bidimensional. Principios
675 compositivos.

676 11º.- A cor cerámica.

677 **Criterios de avaliación:**

678 Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

679 1º.- Describir, mediante o debuxo, formas da realidade ou da propia inventiva, de xeito que
680 se transmita unha idea fiel das súas características sensíbles e estruturais.

681 2º.- Utilizar correctamente os diferentes materiais e técnicas de debuxo na representación
682 gráfica de formas da realidade ou da propia inventiva.

683 3º.- Analizar composicións tridimensionais dende o punto de vista formal e estrutural,
684 interpretalas e representalas correctamente.

685 4º.- Explorar con iniciativa as posibilidades plásticas e expresivas do debuxo e da cor e
686 utilizalas de maneira creativa na representación gráfica de pezas cerámicas.

687 5º.- Aplicar correctamente a teoría da cor en supostos prácticos relacionados coa
688 especialidade.

689 6º.- Emitir xuízos de valor de xeito argumentado respecto á creación artística propia e allea
690 en base aos seus coñecementos sobre a materia, o seu gusto persoal e sensibilidade.

691 **Debuxo técnico**

692 **Obxectivos:**

693 1º.- Utilizar os métodos, procedementos, convencións e técnicas gráficas propias do debuxo
694 técnico na busca da definición formal e técnica de pezas tridimensionais e na
695 comunicación gráfica de ideas.

696 2º.- Representar e acoutar pezas cerámicas, tanto do contorno como da propia inventiva,
697 utilizando o sistema de representación axeitado.

698 3º.- Comprender a información gráfica de deseños e proxectos de pezas cerámicas
699 tridimensionais, tanto utilitarias como obra orixinal.

700 4º.- Valorar o debuxo técnico como ferramenta básica na representación obxectiva das
701 formas, na transmisión de información precisa encol dos obxectos e na ideación,
702 proxección e fabricación dos mesmos.

703 5º.- Seleccionar axeitadamente diferentes materiais e técnicas de debuxo na representación
704 gráfica das formas da realidade ou da propia inventiva.

705 6º.- Expresar oralmente e por escrito dun xeito correcto, os coñecementos e opinións encol
706 da materia, de acordo co seu gusto persoal e a súa sensibilidade.

707 **Contidos:**

708 1º.- Arte e debuxo técnico. Proxección e debuxo técnico. Presenza da xeometría na natureza
709 e nas artes.

- 710 2º.- Xeometría plana e espacial. Proporcionalidade e semellanza. Thales e as súas
711 aplicacións prácticas.
- 712 3º.- Xeometría descritiva. Concepto xeométrico e matemático da escala. A escala como
713 elemento definidor da cantidade e calidade da información dun debuxo ou proxecto.
- 714 4º.- Sistemas de representación. Ampliación, redución, despece de masas. Transformacións
715 xeométricas e as súas leis e posibilidades expresivas.
- 716 5º.- Vistas, normalización e croquización. Acoutamento. Xeometría plana: o punto, a recta e
717 o plano. Relación entre os tres elementos xeométricos básicos: pertenza, paralelismo,
718 interseccións.
- 719 6º.- Técnicas gráficas, procedementos e materiais. Debuxo a man alzada. Polígonos. Curvas
720 xeométricas e técnicas: elipse, parábola, hipérbola, óvalo, ovoide, cicloide.
- 721 7º.- Xeometría descritiva: sistema diédrico, representación do punto, recta e plano.
722 Representación das formas xeométricas mais salientables. Cálculo de verdadeiras
723 magnitudes no sistema diédrico. Sistema axonométrico. Principios e aplicación ao
724 debuxo a man alzada. Perspectiva cabaleira. Sistema cónico de representación.
725 Principios básicos e aplicacións.
- 726 **Criterios de avaliación:**
- 727 Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:
- 728 1º.- Definir graficamente formas da realidade ou da propia inventiva utilizando con
729 propiedade os sistemas de representación mais axeitados.
- 730 2º.- Utilizar con destreza e precisión os diferentes materiais e técnicas do debuxo técnico,
731 con especial atención á calidade dos acabados e presentación final.
- 732 3º.- Describir, mediante o debuxo técnico a man alzada, pezas cerámicas utilitarias ou
733 artísticas, previamente ao seu desenvolvemento gráfico definitivo, destacando con
734 claridade aquela información necesaria para a súa posterior reprodución.
- 735 4º.- Analizar e explicar correctamente a información gráfica dun deseño cerámico dado,
736 utilizando con propiedade a terminoloxía da materia e destacando as súas características
737 formais e estruturais.
- 738 5º.- Utilizar o debuxo técnico como ferramenta fundamental tanto na procura de solucións
739 construtivas de deseño axudando a resolver problemas, coma na configuración e
740 representación final das formas cerámicas.
- 741 6º.- A escala: definición e concepto da mesma como elemento definidor da cantidade e
742 calidade da información inherente ao proceso proxectual.

744 **Obxectivos:**

745 1º.- Acadar unha visión ordenada e de conxunto dos diferentes factores e etapas na análise,
746 ideación e materialización da forma tridimensional, así como dos métodos de realización
747 das técnicas construtivas e de modelado.

748 2º.- Analizar pezas tridimensionais dende o punto de vista formal, estrutural e funcional,
749 interpretalas e representalas mediante os procedementos de configuración volumétrica
750 correspondentes.

751 3º.- Modelar pezas artísticas tridimensionais, ben sexan orixinais de propia ideación ou copia
752 de modelos propostos.

753 4º.- Realizar modelos, moldes e prototipos relacionados con supostos prácticos de
754 fabricación cerámica.

755 5º.- Desenvolver a capacidade de goce estético, e a inventiva e a expresividade persoal.

756 6º.- Desenvolver a capacidade do/a alumno/a para traballar en equipo, optimizando tempos
757 de realización e esforzo.

758 7º.- Familiarizar ao/á alumno/a co léxico propio da materia, así como informalo/a e
759 capacitalo/a para o correcto uso dos diferentes materiais e ferramentas.

760 **Contidos:**

761 1º.- Forma, función e estrutura.

762 2º.- Elementos expresivos da linguaxe tridimensional.

763 3º.- Concepto do espazo. O espazo como dimensión. O espazo como forma. Espazo cheo e
764 baleiro. Técnicas e materiais no proceso de configuración espacial.

765 4º.- Técnicas de volume. Modelado, talla e construción. O relevo mural cerámico.
766 Características técnicas e funcionais.

767 5º.- Métodos de translación. Ampliacións e reducións. A máquina de puntos. A textura.
768 Textura orgánica, xeométrica, tramas, textura mimética, textura e movemento, textura e
769 expresión.

770 6º.- A escultura cerámica contemporánea. Os procesos de moldeado. Tipoloxías e
771 funcionalidade dos moldes máis utilizados nos procesos escultórico-cerámicos. Moldes
772 ríxidos e flexibles.

773 7º.- Matricería e moldes cerámicos. Concepto de matriz, patrón e modelo. Confección de
774 matrices e moldes destinados á reprodución seriada. Criterios de deseño e
775 funcionalidade.

776 **Criterios de avaliación:**

777 Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

778 1º.- Explicar, utilizando con propiedade a terminoloxía propia da materia, as características
779 dos diferentes métodos e técnicas de volume e a súa relación cos materiais utilizados.

780 2º.- Analizar os elementos formais, funcionais e estruturais de pezas tridimensionais e
781 reproducilas fielmente conforme á técnica máis axeitada e tomando en consideración as
782 características do material utilizado.

783 3º.- Utilizar adecuadamente e con destreza as técnicas do volume na representación
784 volumétrica das formas da realidade ou da propia inventiva.

785 4º.- Explorar con iniciativa as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional
786 e utilízalas de maneira creativa na ideación e realización de obra orixinal cerámica.

787 5º.- Emitir xuízos de valor argumentando respecto da creación cerámica propia e allea en
788 base aos seus coñecementos encol da materia, ao seu gusto persoal e sensibilidade.

789 **Historia da cerámica**

790 **Obxectivos:**

791 1º.- Analizar a dimensión técnica e plástica das artes cerámicas ao longo do tempo e
792 interpretar o seu desenvolvemento histórico e a súa evolución estética.

793 2º.- Desenvolver a comprensión visual e conceptual da linguaxe artística propia das artes
794 cerámicas.

795 3º.- Comprender a linguaxe expresiva que caracteriza a cerámica de cada época, estilo ou
796 tendencia e a súa relación coa arte, a arquitectura e a sociedade da época na que se ten
797 producido.

798 4º.- Coñecer os procesos de investigación e renovación que se levaron a cabo no campo da
799 fabricación cerámica ao longo do derradeiro século.

800 5º.- Desenvolver a capacidade de goce estético e valorar as artes cerámicas
801 contemporáneas á luz da súa evolución histórica e do propio gusto persoal e
802 sensibilidade.

803 7º.- Relacionar o valor da cerámica como elemento cultural coa súa dimensión técnica,
804 funcional e plástica, para entender o seu desenvolvemento histórico.

805 8º.- Valorar a importancia da cerámica galega a nivel histórico e no contexto actual. Causas
806 do seu desenvolvemento e principais características segundo os focos de produción.

807 **Contidos:**

808 1º.- As artes da arxila: significación cultural e artística.

- 809 2º.- Primeiras manifestacións cerámicas: culturas prehistóricas e a súa evolución. A pasta
810 exipcia. Significación plástica e documental das cerámicas gregas e romanas. Novidades
811 técnicas.
- 812 3º.- Conceptos estéticos e ornamentais islámicos e a súa aplicación á cerámica. Achegas
813 técnicas. Os revestimentos murais. A cerámica islámica no ámbito mediterráneo. O arte
814 mudéjar e as súas repercusións.
- 815 4º.- O Extremo Oriente. Peculiaridades nacionais e etapas significativas. A porcelana
816 chinesa. A cerámica xaponesa. A súa repercusión en occidente. Culturas cerámicas
817 precolombinas.
- 818 5.- O Renacemento: formulacións estéticas do Humanismo. A maiólica: técnica, formas e
819 ornamentación. Transcendencia do italianismo para a cerámica europea. A cerámica
820 española: centros produtores e caracteres rexionais.
- 821 6º.- A linguaxe expresiva do Barroco e o Rococó. A porcelana en Europa. As reais
822 manufacturas. A louza inglesa. A revolución industrial e a súa repercusión na cerámica. A
823 estética do novo Clasicismo. Historicismo e eclecticismo. Influencias e correntes
824 innovadoras ao final do século XIX.
- 825 7º.- A revolución industrial e a súa repercusión na cerámica. A estética do novo Clasicismo.
826 Historicismo e clasicismo. Influencias e corrente renovadoras ao remate do século XIX.
- 827 8º.- Revisión dos procesos no “Art Nouveau”: novos camiños de investigación e
828 especialización. Mestres cerámicos e principais tendencias. Experiencias individuais e
829 achegas dos grandes artistas ao longo do período de entreguerras.
- 830 9º.- O arte cerámico posterior á Segunda Guerra Mundial. Panorámica da cerámica artística
831 en Europa, Estados Unidos de América e Xapón. Renovación técnica e estética. Achegas
832 dos/as ceramistas españois/españolas.
- 833 10º.- Momento actual da cerámica arquitectónica, utilitaria e ornamental. Produción industrial
834 e deseño cerámico.
- 835 11º.- A cerámica na Galicia actual: a cerámica nos eidos industrial e artesanal.
- 836 12º.- Manifestacións populares da cerámica. Oleiros/as. Focos. Características.
- 837 **Criterios de avaliación:**
- 838 Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:
- 839 1º.- Identificar visualmente as realizacións cerámicas ao longo da historia e establecer
840 relacións argumentadas entre os elementos que as definen e configuran no contexto
841 histórico-social na que foron creadas.
- 842 2º.- Analizar as artes cerámicas con relación a outras manifestacións artísticas do seu
843 contexto temporal.

844 3º.- Explicar o alcance das artes cerámicas na actualidade, as súas aplicacións e as
845 innovacións que ao longo do século XX foron levadas a cabo no campo da fabricación
846 cerámica.

847 4º.- Caracterizar os momentos máis significativos da historia da cerámica utilitaria e
848 ornamental e analizar a proxección técnica e estética da revolución industrial na industria
849 cerámica contemporánea.

850 5º.- Mostrar interese na contemplación da obra artística e valorar argumentando ao respecto
851 das artes cerámicas contemporáneas en base aos seus coñecementos sobre a materia e
852 o seu gusto persoal e sensibilidade.

853 6º.- Utilizar adecuadamente a terminoloxía propia da materia.

854 **Materiais e tecnoloxía cerámica**

855 **Obxectivos:**

856 1º.- Comprender os fundamentos científicos dos procesos de produción de materiais
857 cerámicos.

858 2º.- Clasificar os materiais cerámicos e analizar as súas características, estrutura e
859 propiedades máis significativas.

860 3º.- Analizar as diferentes fases do procesamento dos materiais cerámicos así como os
861 cambios físico-químicos que se levan a cabo en cada unha delas.

862 4º.- Explicar a influencia que teñen as condicións do proceso na calidade do produto final,
863 clasificar os distintos defectos que poidan producirse e diferenciar os procedementos de
864 control de calidade máis apropiados a cada momento.

865 5º.- Identificar as maquinarias e ferramentas utilizadas nas diferentes etapas do proceso
866 cerámico, clasificalas e describir a súa utilización, funcionamento e operación básicas de
867 mantemento.

868 6º.- Describir as características máis significativas e o funcionamento dos distintos tipos de
869 fornos cerámicos e atmosféricos de cocción.

870 7º.- Elaborar correctamente un mostrario cerámico e as indicacións para a súa presentación.

871 8º.- Utilizar adecuadamente a terminoloxía específica da materia.

872 9º.- Valorar o papel da metodoloxía científica e da técnica na investigación cerámica, tanto
873 no ámbito dos novos materiais como nos procesos produtivos e de control de calidade.

874 **Contidos:**

875 1º.- Fundamentos físico-químicos nos procesos cerámicos.

- 876 2º.- Materias primas cerámicas para pastas e esmaltes.
- 877 3º.- O procesamento das materias primas cerámicas. Técnica e variables. Control de
878 calidade. Seguridade e medio.
- 879 4º.- Pastas, cubertas, engobes, vidrados e vernices. A cor: óxidos, colorantes e pigmentos
880 calcinados. Composición. Clasificación. Preparación e defectos.
- 881 5º.- Esmaltes de alta e baixa temperatura.
- 882 6º.- Fornos. Tipos e mantemento. Descrición das características máis significativas e o
883 funcionamento dos distintos tipos de fornos cerámicos e atmosféricos de cocción.
- 884 7º.- Secado e cocción. Técnicas. Determinación das condicións óptimas requiridas en cada
885 etapa do proceso cerámico e a súa influencia na calidade do produto final.
- 886 8º.- Acabados. Control de calidade. Identificación dos defectos máis frecuentes do produto
887 cerámico e a súa relación coas diferentes etapas de elaboración indicando os
888 mecanismos de control de calidade máis adecuados a cada caso.
- 889 9º.- Diferenzas e caracterización das etapas do procesamento dos materiais cerámicos.
890 Cambios físicos e químicos producidos en cada unha delas.
- 891 10º.- Utilización adecuada da terminoloxía propia da materia.
- 892 **Criterios de avaliación:**
- 893 Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:
- 894 1º.- Explicar correctamente os fundamentos físico-químicos dos procesos cerámicos en
895 supostos prácticos da especialidade.
- 896 2º.- Definir as principais características estruturais dos materiais cerámicos así como a súa
897 composición e propiedades.
- 898 3º.- Diferenciar e caracterizar as etapas do procesamento dos materiais cerámicos indicando
899 con precisión os cambios físico-químicos que se producen en cada unha delas.
- 900 4º.- Determinar as condicións óptimas requiridas nas diferentes etapas do proceso cerámico
901 e a súa influencia na calidade do produto final.
- 902 5º.- Identificar os defectos máis frecuentes do produto cerámico e relacionalos coas
903 diferentes etapas da súa elaboración indicando os mecanismos de control de calidade
904 máis adecuados a cada caso.
- 905 6º.- Describir as características máis significativas e o funcionamento dos distintos tipos de
906 fornos cerámicos e atmosféricos de cocción.
- 907 7º.- Elaborar correctamente un mostrario cerámico e as indicacións para a súa presentación.

908 8º.- Utilizar adecuadamente a terminoloxía específica da materia.

909 **Medios informáticos**

910 **Obxectivos:**

911 1º.- Coñecer e utilizar os equipos informáticos.

912 2º.- Coñecer e utilizar correctamente os programas informáticos adecuados á práctica
913 profesional da especialidade.

914 3º.- Analizar e dominar a presenza actual dos novas tecnoloxías na proxección e produción
915 industrial e artesanal cerámica.

916 4º.- Utilizar os recursos informáticos como instrumento de ideación, xestión e comunicación
917 do propio traballo.

918 **Contidos:**

919 1º.- Introducción á informática. Materiais e equipos. Sistemas operativos. Contornos.
920 Dispositivos de entrada e saída. Dispositivos de interacción. Dispositivos gráficos.

921 2º.- Introducción ao CAD-CAM. Automatización e control de procesos. Sistemas CAD-CAM
922 para o sector cerámico industrial.

923 3º.- Técnicas de sistemas gráficos. Utilización e tratamento de imaxes. Programas
924 específicos.

925 4º.- Técnicas de modelado en 2D e 3D.

926 5º.- Ofimática: procesadores de texto e programas de presentación de proxectos.

927 **Criterios de avaliación:**

928 Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

929 1º.- Seleccionar e utilizar correctamente os materiais e equipos informáticos no
930 desenvolvemento do propio traballo.

931 2º.- Seleccionar e empregar con destreza os programas informáticos adecuados á práctica
932 da especialidade, tanto no proceso creativo e proxectual das pezas cerámicas como na
933 comunicación gráfica do propio traballo.

934 3º.- Describir, utilizando con propiedade a terminoloxía propia da materia, os sistemas máis
935 utilizados nos procesos de proxección e produción industrial cerámica e valoralos con
936 relación ás súas aplicacións no exercicio da especialidade.

937 **Taller cerámico**

938 **Obxectivos:**

- 939 1º.- Comprender global e secuencialmente o proceso de fabricación cerámica, identificar as
940 materias primas e o seu comportamento ao longo do proceso, así como os útiles,
941 ferramentas e máquinas que interveñen, o seu uso e mantemento.
- 942 2º.- Caracterizar as materias primas, seleccionalas e formular a composición máis apropiada
943 ás necesidades do produto e do proceso de acordo coas especificacións do proxecto.
- 944 3º.- Realizar o conformado do produto cerámico mediante procedementos mecánicos e/ou
945 manuais.
- 946 4º.- Describir as transformacións físicas e químicas das pastas durante a cocción, calcular as
947 contraccións e dilatacións e prever as deformacións que se orixinarán no proceso
948 produtivo.
- 949 5º.- Comprender os procesos de secado, estibaxe e cocción e levalos a cabo nas condicións
950 de seguridade e hixiene adecuadas.
- 951 6º.- Clasificar e caracterizar as diferentes técnicas decorativas artesanais e industriais do
952 produto cerámico e explicar as etapas, procedementos, materiais, útiles e ferramentas
953 propios de cada técnica.
- 954 7º.- Seleccionar e aplicar o procedemento de intervención decorativa máis axeitado ás
955 características técnicas, funcionais e artísticas da peza ou prototipo cerámico realizando
956 os controis de calidade adecuados para cada momento do proceso.
- 957 8º.- Elaborar moldes para a produción seriada de cerámica artística.
- 958 9º.- Acondicionar e recuperar as materias primas.
- 959 10º.- Iniciarse na busca formal e estética da obra orixinal cerámica, na investigación encol do
960 material cerámico e as súas calidades expresivas e nas técnicas especiais de cocción.
- 961 11º.- Organizar, planificar e levar a cabo as distintas fases que configuran o proceso
962 produtivo, identificar os problemas que xorden e solucionarlos en función da necesaria
963 calidade do produto rematado.
- 964 12º.- Organizar o taller de acordo cos requisitos ergonómicos e funcionais da maquinaria, as
965 instalacións, o espazo e o/a usuario/a, así como os requirimentos de seguridade, hixiene
966 e protección medioambiental propios da fabricación cerámica.
- 967 13º.- Realizar moldes e matrices para a fabricación de produtos cerámicos seriados de
968 cerámica artística.
- 969 14º.- Coñecer e saber empregar con seguridade e soltura o vocabulario e a terminoloxía
970 propia da actividade cerámica.

971 15º.- Caracterizar as materias primas, seleccionalas e formular a composición máis
972 apropiada ás necesidades do produto e do proceso de acordo coas especificacións do
973 proxecto.

974 **Contidos:**

975 1º.- Organización do taller: materiais, ferramentas e maquinaria. Utilización e mantemento.

976 2º.- Procedementos de conformado.

977 3º.- Reprodución de pezas en serie. Moldes de escaiola e flexibles. Materiais cerámicos e
978 non cerámicos. Técnicas específicas.

979 4º.- Sistemas decorativos manuais e seriados. Técnicas decorativas de superficie, de
980 aplicación en cru e sobre biscoito. Técnicas decorativas e industriais: serigrafía,
981 flexografía, fotomecánica. Procedementos de acabado. Procedementos de reparación e
982 reposición.

983 5º.- Procesos de secado, estibaxe e cocción artesanais, semiindustriais e industriais.

984 6º.- Procedementos de recuperación, reconstrución e reparación do produto cerámico.

985 7º.- Procedementos de reutilización e eliminación ecolóxica dos produtos e refugallo do
986 taller.

987 8º.- Experimentación con materiais e procedementos non tradicionais.

988 9º.- Organización da actividade profesional do taller. Criterios ergonómicos, funcionais,
989 produtivos, de seguridade e hixiene e ambientais.

990 10º.- Preparación, recuperación, reciclaxe e acondicionamento das materias primas.

991 11º.- Elaboración de formas torneadas.

992 **Criterios de avaliación:**

993 Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

994 1º.- Realizar pezas cerámicas levando a cabo correctamente todas as etapas do proceso de
995 fabricación e os correspondentes controis de calidade ata a obtención do produto
996 acabado.

997 2º.- Dado o proxecto de elaboración de pezas cerámicas, ofrecer solucións artísticas viables,
998 comercialmente competitivas e técnica e funcionalmente adecuadas ás especificacións e
999 requisitos establecidos.

1000 3º.- Realizar con destreza o conformado de pezas cerámicas, tanto a man como a torno, e
1001 utilizar o tipo de cocción máis axeitado, en canto a temperaturas e atmosferas, ás
1002 especificacións dun proxecto de fabricación cerámica.

- 1003 4º.- Crear pezas de obra orixinal cerámica de calidade artística e técnica.
- 1004 5º.- Seleccionar a técnica decorativa máis axeitada ás características técnicas, funcionais e
1005 artísticas dunha peza ou produto cerámico e levar a cabo a decoración atendendo ás
1006 esixencias de calidade do produto acabado.
- 1007 6º.- Realizar con calidade técnica e estética a decoración de obra orixinal cerámica, levando
1008 a cabo os controis adecuados en cada fase da produción.
- 1009 7º.- Elaborar correctamente moldes apropiados para a produción seriada de pezas
1010 cerámicas de calidade.
- 1011 8º.- Desenvolver o proceso de fabricación cerámica cumprindo as medidas preventivas e as
1012 normas adecuadas de seguridade, hixiene e protección ambiental.
- 1013 9º.- Realizar como rutina diaria as labores de mantemento e limpeza do taller, así como a
1014 posta a punto da maquinaria e instalacións que garantan o seu perfecto estado de
1015 conservación e funcionamento.

1016 **Proxectos de cerámica artística**

1017 **Obxectivos:**

- 1018 1º.- Analizar a relación existente entre o deseño e metodoloxía proxectual e aplicar a/as
1019 metodoloxía/s mais adecuadas para o deseño de obra orixinal cerámica.
- 1020 2º.- Desenvolver e expoñer proxectos de obra orixinal cerámica.
- 1021 3º.- Materializar proxectos de obra orixinal cerámica en todas as súas fases ata a obtención
1022 do produto final.
- 1023 4º.- Valorar a proxección cerámica como oportunidade de investigación e de expresión
1024 artística persoal.
- 1025 5.- Desenvolver a capacidade estética, sensibilidade, inventiva, creatividade e expresividade
1026 potencial do/a alumno/a nos proxectos cerámicos.
- 1027 6º.- Familiarizar ao/á alumno/a co léxico propio da proxección, así como informalo/a e
1028 capacitálo/a para o uso axeitado e correcto das diferentes metodoloxías e ferramentas de
1029 proxección cerámica.

1030 **Contidos:**

- 1031 1º.- O deseño. Antecedentes. A metodoloxía proxectual. Diferentes tendencias
1032 metodolóxicas. Métodos creativos para a xeración de ideas.
- 1033 2º.- O proxecto cerámico. Fases. Condicionantes. Especificacións. Documentación gráfica.
1034 Técnicas e normalización. A comunicación e a presentación do proxecto.

1035 3º.- A materialización do proxecto ata a obtención do produto acabado. Verificación do
1036 control de calidade nas diferentes etapas.

1037 **Criterios de avaliación:**

1038 Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1039 1º.- Seleccionar argumentadamente e aplicar a metodoloxía proxectual máis axeitada ao
1040 deseño da obra orixinal cerámica.

1041 2º.- Solucionar adecuadamente os problemas que xurdan no proceso proxectual utilizando
1042 os coñecementos e recursos gráficos, metodolóxicos e técnicos dos que dispoña.

1043 3º.- Levar a cabo o proceso de elaboración cerámica en todas as súas etapas aténdose ás
1044 especificacións do proxecto e realizando os controis necesarios para a obtención dun
1045 produto final de calidade artística e técnica.

1046 **Proxecto integrado**

1047 **Obxectivos:**

1048 1º.- Desenvolver un proxecto de obra orixinal cerámica.

1049 2º.- Materializar o proxecto de obra orixinal cerámica en todas as súas fases, desde a
1050 selección de materiais e técnicas máis axeitados, ate a obtención do produto final.

1051 3º.- Desenvolver, mediante a proxección de obra orixinal cerámica, o propio sentido estético
1052 e a capacidade creadora.

1053 **Contidos:**

1054 1º.- Contexto da obra, concepto, estudo histórico e antecedentes.

1055 2º.- A creación de obra orixinal. Fases da proxección cerámica. Condicionantes.
1056 Especificacións. Documentación. Técnicas de normalización. Orzamento.

1057 3º.- Realización de maquetas e prototipos.

1058 4º.- A materialización do proxecto ata a obtención do produto acabado. Verificación do
1059 control de calidade nas diferentes etapas.

1060 5º.- A comunicación, presentación e defensa do proxecto.

1061 **Criterios de avaliación:**

1062 Valorarase a capacidade do/a alumnado/a para:

1063 1º.- Idear, desenvolver e expoñer un proxecto factible de obra orixinal cerámica.

1064 2º.- Solucionar os problemas que xurdan no proceso proxectual utilizando os coñecementos
1065 e recursos gráficos, metodolóxicos e técnicos máis adecuados.

1066 3º.- Levar a cabo o proceso de elaboración da/s peza/s orixinal/orixinais cerámica/s en todas
1067 as súas etapas aténdose ás especificacións do proxecto e realizando os controis
1068 necesarios para a obtención dun produto final de calidade artística e dominio técnico a
1069 través das propias realizacións cerámicas.

1070 4º.- Presentar o proxecto de obra orixinal cerámica, expoñer oralmente os seus principais
1071 apartados e emitir una valoración persoal técnica e artística sobre o mesmo, utilizando
1072 correctamente en todo momento a terminoloxía propia da materia.

1073 5º.- Manifestar iniciativa, sentido estético, capacidade de expresión artística e dominio
1074 técnico a través das propias realizacións cerámicas.

1075 **Formación e orientación laboral**

1076 **Obxectivos:**

1077 1º.- Analizar o marco legal de traballo e definir os dereitos e obrigas que se derivan das
1078 relacións laborais.

1079 2º.- Identificar as distintas vías de acceso ao emprego e á formación permanente, así como
1080 as accións e iniciativas de organismos e institucións dedicadas a estes fins.

1081 3º.- Propoñer un plan de organización dun taller artesán e dunha pequena ou mediana
1082 empresa de fabricación cerámica tendo en conta os datos e medios de produción,
1083 comercialización e distribución, as relacións mercantís e os aspectos xurídicos e socio-
1084 laborais que interveñen.

1085 4º.- Avaliar o marco xurídico de traballo, saúde e medio e a súa repercusión na actividade
1086 produtiva e na calidade de vida laboral e persoal.

1087 5º.- Analizar a normativa específica que regula o deseño no sector cerámico.

1088 6º.- Valorar a cooperación, a autocrítica e o traballo en equipo como actividades que
1089 contribúen á procura de mellores resultados na actividade produtiva.

1090 8º.- Establecer no eido laboral as medidas de protección e prevención que correspondan ás
1091 situacións de riscos existentes e determinar as medidas sanitarias básicas inmediatas en
1092 caso de accidente.

1093 9º.- Coñecer e interpretar os datos da estrutura socioeconómica galega e española para
1094 poder valorar a situación actual a as perspectivas do sector a nivel autonómico, estatal e
1095 europeo.

1096 **Contidos:**

- 1097 1º.- O marco xurídico das relacións laborais: Estatuto dos traballadores e regulación
1098 específica do sector.
- 1099 2º.- Medidas de seguridade e hixiene no traballo.
- 1100 3º.- Sistemas de acceso ao emprego. Técnicas. Organismos que prestan axuda á inserción
1101 laboral.
- 1102 4º.- A empresa. O deseño na organización e cultura empresarial. Descrición dos distintos
1103 modelos xurídicos de empresa e as súas características.
- 1104 5º.- O empresario individual. Trámites para o inicio da actividade empresarial. Administración
1105 e xestión de empresas. Obrigas xurídicas e fiscais. Programas de financiamento e
1106 axudas a empresas.
- 1107 6º.- Conceptos básicos de mercadotecnia. A organización da produción, comercialización e
1108 distribución na empresa. Métodos de análise de custos e control da calidade. Os signos
1109 distintivos: marca, rótulo e nome comercial.
- 1110 7º.- Protección ao deseño. Propiedade intelectual. Rexistro da propiedade intelectual.
1111 Entidades de xestión. Propiedade industrial. Os modelos e debuxos industriais e
1112 artísticos. Rexistro e procedemento rexistral. A protección internacional das innovacións.
- 1113 8º.- Lexislación española e comunitaria encol da industria cerámica. Centros e asociacións
1114 de investigación e desenvolvemento da industria cerámica.
- 1115 9º.- Normativa de fabricación e etiquetado de produtos cerámicos. Normativa de prevención
1116 de riscos laborais e protección ambiental no sector cerámico.
- 1117 10º.- Normativa de ámbito autonómico que afecta á actividade do ceramista.
- 1118 11º.- Institucións públicas e privadas de ámbito autonómico con función no eido da
1119 protección, asesoramento, promoción e regulamentación da actividade do ceramista.
- 1120 **Criterios de avaliación:**
- 1121 Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:
- 1122 1º.- Diante de supostos de índole socio-laboral, seleccionar o marco legal e xurídico, xeral e
1123 específico, que lle serve de referencia, e explicalo utilizando con corrección a
1124 terminoloxía específica da materia.
- 1125 2º.- Amosar iniciativa na busca activa de distintas vías de acceso ao emprego e a formación
1126 permanente, e elaborar unha listaxe de organismos, institucións, programas e accións
1127 públicas e privadas dedicadas a tal fin.
- 1128 3º.- Redactar o plan de creación e organización dun taller cerámico artesán ou dunha
1129 pequena ou mediana empresa cerámica, no que se consideren os aspectos xurídicos e
1130 socio-laborais correspondentes, os recursos materiais e humanos necesarios, as accións

1131 de mercado, comercialización e distribución dos produtos e os mecanismos de
1132 seguridade laboral ambiental e de prevención de riscos esixidos para iniciar o seu
1133 funcionamento.

1134 4º.- Elaborar conclusións argumentadas ao respecto da importancia do marco xurídico, legal
1135 e normativo específico na fabricación cerámica, na calidade da actividade produtiva e na
1136 vida laboral e persoal.

1137 5º.- Manifestar unha actividade positiva de autocrítica e de cooperación, tanto nas sesións
1138 de traballo na clase como nas oportunidades de traballo en equipo que se formulen
1139 durante o curso.

1140 **3.- Fase de formación en empresas, estudos ou talleres.**

1141 **Obxectivos:**

1142 1.- A fase de formación en empresas, estudos ou talleres ten como obxectivos os seguintes:

1143 1º.- Completar a formación académica do alumnado mediante a integración nas rutinas
1144 diarias de traballo dunha empresa cerámica ou taller artesanal e a realización das
1145 funcións profesionais correspondentes ao seu nivel formativo.

1146 2º.- Facilitar a toma de contacto dos/as alumnos/as co mundo do traballo e a
1147 incorporación ao sistema de relacións sociais, laborais e técnicas da empresa.

1148 3º.- Contrastar os coñecementos, formación e capacitación acadados na escola de arte
1149 coa realidade empresarial e laboral do sector cerámico.

1150 4º.- Permitir ao alumnado que, a través do contacto coa empresa, incorpore á súa
1151 formación os coñecementos sobre a propia especialidade, a situación e relacións de
1152 mercado, as tendencias artísticas e culturais, a organización e coordinación do
1153 traballo, a xestión empresarial, as relacións socio-laborais na empresa, etc.
1154 necesarios para o inicio da actividade laboral.

1155 5º.- Acadar os coñecementos técnicos de útiles, ferramentas, materiais e maquinaria que,
1156 pola súa especialización, custo ou novidade, non están ao alcance da escola de arte.

1157 6º.- Participar de xeito activo nas fases do proceso de produción cerámica baixo as
1158 orientacións do/a titor/a ou coordinador/a correspondente.

1159 7º.- Aplicar os coñecementos, habilidades e destrezas acadadas durante o período de
1160 formación teórica e práctica impartida na escola de arte.

1161 2.- O seguimento e avaliación da fase de formación en empresas, estudos ou talleres,
1162 correspóndelle ao/á titor/a de prácticas designado pola escola de arte, quen tomará en
1163 consideración o grao de cumprimento dos obxectivos e a valoración que realice a empresa,
1164 estudo ou taller.

1165 **4.- Atribución docente.**



1166 Ao abeiro do artigo 96 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en tanto non se
1167 teña desenvolvido o establecido no mesmo, e tendo en conta o disposto no anexo IV ao
1168 Real decreto 37/2010, do 15 de xaneiro, a competencia docente para os módulos que se
1169 impartan na escola de arte será a sinalada no presente decreto, segundo a preferencia
1170 marcada pola cifra anteposta.

1171 **Competencia docente dos/as funcionarios/as pertencentes aos corpos de profesores**
1172 **e mestres de taller de artes plásticas e deseño para impartición dos módulos**
1173 **correspondentes ás ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Cerámica**
1174 **Artística, da familia artística profesional de cerámica artística:**

Módulos:	Profesores/as de AA.PP. e D.: (en orde preferente)	Mestres/as de Taller de AA.PP. e D. (en orde preferente):
Debuxo artístico	Debuxo artístico e cor	-----
Debuxo técnico	Debuxo técnico	-----
Volume	1- Volume 2- Modelado e baleirado	-----
Historia da cerámica	Historia da arte	
Materiais e tecnoloxía	1- Materiais e tecnoloxía: cerámica e vidro 2- Debuxo técnico	-----
Medios informáticos	Medios informáticos	-----
Taller cerámico	-----	Técnicas cerámicas
Proxectos de cerámica artística	1- Cerámica 2- Volume 3- Modelado e baleirado	4- Técnicas cerámicas
Proxecto integrado	1- Cerámica 2- Volume 3- Modelado e baleirado	4- Técnicas cerámicas
Formación e orientación laboral	Organización industrial e lexislación	-----

1175